



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/83	GOB18I00X2	
6545 6Y07 3E0A 6M4K 0ANI		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES: <u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ <u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE <u>SR. INTERVENTOR ACCTAL:</u> D/Dª PABLO FREIJOMIL OJEA <u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 12:10 do vinte e seis de setembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en segunda convocatoria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, O Secretario Xeral.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, por asentamento deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL AO ABEIRO DA ORDE 09/08/2024, PUBLICADA NO DOG 30/08/2024 PARA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO E GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E PUNTOS DE ATENCIÓN A INFANCIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O CURSO 2024-2025 .- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Solicitud de axudas á Consellería de Política Social e Igualdade, para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia, de titularidade municipal para o curso 2024/25

O xefe Substituto do Servizo Sociocomunitario Municipal Gustavo Ariel Perea Vega, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

A Consellería de Política Social e Igualdade, no DOG nº 167 de 30/08/2024, publica a Orde de 9 de agosto de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención a infancia de titularidade municipal no curso 2024/25, con dúas liñas de financiamento:

1ª liña de axuda para gastos de mantemento (período subvencionable entre 1 de setembro de 2024 e o 31 de xullo de 2025).

2ª liña destinada a compensar aos centros pola bonificación do 100% do prezo correspondente a atención educativa e da matrícula. O período subvencionable na liña 2 e o comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de xullo de 2025, pola totalidade do alumnado para aqueles concellos que apliquen a dita bonificación.

O procedemento de tramitación desta subvención tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, adáptase ao disposto na dita lei, así como ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; así como ao disposto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas. Téñense en conta en todo caso os principios de: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Co obxecto de elaborar a previsión do cálculo e así poder solicitar as dúas liñas subvencionables segundo a Orde, débese ter en conta:

- Liña 1 axudas para gastos de mantemento (persoal, alimentación e outros gastos xerais do centro). Segundo o artigo 4.2. "o número de unidades da escola infantil autorizadas que estean en funcionamento na data que remata o prazo de presentación de solicitudes segundo o módulo establecido na Orde"

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	NÚMERO DE UNIDADES POR EIM	CONTÍA TOTAL POR UNIDADE EN FUNCIONAMENTO	IMPORTE SEGÚN MÓDULO
GÁNDARA	6	4.600€	27.600€
SOLAINA	6	4.600€	27.600€
PIÑEIROS	6	4.600€	27.600€
TOTAL	18	13.800€	82.800€

-Liña 2 destinada a compensar estes centros pola aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da matrícula, de ser o caso, dos nenos/as que asisten á escola infantil.

A) Bonificación dos nenos matriculados na escola infantil 0-3 para o curso 2024-2025:

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	Nº DE NENOS/AS MATRICULADOS/AS NO MES DE SETEMBRO	IMPORTE QUE LLES CORRESPONDERÍA ABOAR NO MES DE SETEMBRO
GÁNDARA	63	4.670,52
SOLAINA	70	3.173,21
PIÑEIROS	65	5.042,93
TOTAL	198	12.886,66

A previsión do importe previsto de aboar por un período de 11 meses ascendería a: 169.746,96€¹.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

¹ A previsión de ingresos está realizada tendo en conta que o alumnado de novo ingreso asiste medio mes en setembro (e polo tanto ingresa medio mes), pasando ao mes completo no mes de outubro.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

-Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

-Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

-Orde de 9 de agosto de 2024 da Consellería de Política Social e Igualdade. Publicada no DOG nº 167 de 30 de agosto de 2024.

Por todo o exposto, o xefe Substituto do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa á concelleira delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas, para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos.

1º.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Política Social e Xuventude, para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención a infancia de titularidade municipal no curso 2024/2025, con dúas liñas de financiamento:

Importe total dos dous programas :	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Total
Liña 1 axudas para gastos de funcionamento	30.109,08€	52.690,92€	82.800€
Liña 2 destinada a compensar estes centros pola aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da matrícula	59.944,75€	109.802,21€	169.746,96€
Achega municipal	0,00€	0,00€	0,00€
Subvención solicitada á Consellería de Política Social e Xuventude	90.053,83€	162.493,13€	252.546,96€

2º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención.

O subconcepto económico de ingresos que financia este gasto é 45080.

3º.- Nomear a Dona Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Política Social e Igualdade no referente a esta solicitude de subvención."

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 19/09/2024 (ICO18I00BR) o documento SSO18I048P do expediente SSO/2024/227, quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 22/06/2023), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- DAR CONTA DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO XXIV OENACH ATLÁNTICO 2024.- Vista a proposta formulada que di así: A técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación, en data 20 de setembro, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código TUR18I00CR que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	TUR/2024/9: Subvención para o apoio, promoción e difusión do XXIV Oenach Atlántico 2024
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da aceptación de subvención

Con data 17/07/2024 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código TUR18I009W que di:

“

Con data 12 de xullo de 2024, a Técnica de Promoción económica e programas de cooperación elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que dí:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Resolución
EXPEDIENTE	TUR/9/2024. Subvención para o apoio, promoción e difusión do XXIV Oenach Atlántico 2024
DESTINATARIO	Alcaldía/ Servizos Económicos
ASUNTO	Aceptación de subvención

En relación ao expediente relativo á solicitude de subvención para o apoio, promoción e difusión do XXIV Oenach atlántico 2024, emétese o seguinte

INFORME - PROPOSTA

Por resolución de Alcaldía de data 15 de abril de 2024 acordouse a solicitude á Axencia de Turismo de Galicia da subvención para o apoio, promoción e difusión do XXIV Oenach Atlántico 2024 por importe de 4.000,00 euros, o máximo a conceder según ás bases reguladoras publicadas no DOGA número 52 do mércores, 13 de marzo de 2024 (código de procedemento TU500A). De dita resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión do 18 de abril de 2024.

No DOGA número 107 do martes, 4 de xuño de 2024, a Axencia de Turismo de Galicia publica a resolución de 25 de maio de 2024 pola que se da publicidade das axudas concedidas ao amparo da resolución de 4 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrência non competitiva das subvencións á Concellos para o apoio, promoción e difusión das Festas declaradas de interese turístico de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TU500A). Nesta resolución se lle concede ao Concello de Narón a seguinte subvención para este proxecto:

“

AYUNTAMIENTO BENEFICIARIO	DESCRIPCIÓN DE LA ACTUACIÓN	IMPORTE DE LA SUBVENCIÓN
------------------------------	-----------------------------	-----------------------------

Narón	Oenach Atlántico	4.000,00 euros
-------	------------------	----------------

De acordo coas Bases de Execución do Orzamento en vigor, procede a aceptación da subvención con carácter previo á iniciación das contratacións encamiñadas á execución das actuacións subvencionadas, o cal é obxecto desta proposta. Para facer fronte aos gastos que estas actuacións supoñen elaborouse o preceptivo Plan de financiamento definitivo que acompaña este informe.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-Bases de execución dos Orzamentos do ano 2024. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión (...) deberá ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredita a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.

A tal efecto, quen suscribe elaborou o seguinte documento, comprensivo das necesidades de fondos e fontes de financiación existentes para facer fronte ao gasto.

-Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público. No seu artigo 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social xurídica ou territorial o fagan conveniente. (...). En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.

Neste caso, corresponde á Alcaldía-presidencia a avocación da competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a aceptación desta subvención, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria pola urxencia do trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aceptación e do acto de avocación.

Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que asina, previa fiscalización, elava á Alcaldía – Presidencia a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Avocar, da Xunta de Goberno Local, as facultades de aceptación da subvención de referencia, polos motivos sinalados nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano colexiado deste acto de avocación.

SEGUNDO: Aprobar o cadro de financiamento definitivo para o proxecto “ Apoio, promoción e difusión do XXIV Oenach Atlántico 2024”, de acordo co establecido no documento que se acompaña e resumido como sigue:

PROXECTO: Subvención para o apoio, promoción e difusión do XXIV OenachAtlántico 2024				
IMPORTE TOTAL				49.826,48 €
FONTES DE FINANCIACIÓN				
RECURSOS EXTERNOS				
XUNTA DE GALICIA	Partida de ingresos	45100	4.000,00 €	* 4.000,00 €
	Partida de gastos	4320.22799	4.000,00 €	
ABANCA	Partida de ingresos	47009	1.500,00 €	** 1.500,00 €
	Partida de gastos	4320.22799	1.500,00 €	
TOTAL RECURSOS EXTERNOS				5.500,00 €
FONDOS PROPIOS				
4320.22799 Turismo- Outros traballos				12.464,00 €
4320.22699 Turismo- Outros gastos diversos				4.395,00 €
1320.22701 Policía Local- Seguridade privada RC220240007794 (992,20€)				992,20 €
4590.22799 Obras e Servizos- Outros traballos				6.000,00 €
3340.22609 Cultura- Actividades				17.579,75 €
3380.22602 Festas- Publicidade e propaganda				989,78 €
3380.22799 Festas- Outros traballos				1.905,75 €
TOTAL FONDOS PROPIOS				*** 44.326,48 €

* Dado que a subvención que estaba contemplada nos orzamentos era de 3.000,00 euros e a concesión resultou ser de 4.000,00 euros procede a tramitación de expediente de modificación de créditos para a xeración da diferenza do importe concedido (1.000,00 euros) na aplicación orzamentaria 4320.22799, para o cal se acompaña o informe-solicitud de xeración de créditos.

** Importe pendente a achegar por ABANCA logo da xustificación dos gastos relativos ao protocolo a aprobar entre esa entidade, a Axencia de Turismo de Galicia e este Concello, para a promoción do evento.

*** Visto que neste evento participan varias Concellerías, proponse a seguinte distribución.

- Turismo: Animación e xogos, infraestrutura, servizo de cátering e concerto estimado en : 22.359,00 euros
- Policía Local – Seguridade privada: Seguridade do evento en : 992,20 euros (según consta no RC 220240007794)
- Obras e Servizos: traballos de electricidade, servizo de limpeza, entre outros estimado en: 6.000,00 euros.
- Cultura: Demostracións de obradoiros e adquisición de materiais diversos para os obradoiros estimado en: 17.579,75 euros.
- Festas: Publicidade e actividades estimado en 2.895,53 euros.

TERCEIRO: Aceptar da Axencia de Turismo de Galicia, a subvención para este proxecto, por importe de 4.000,00 euros.

“

Visto dito informe e logo do informe de conformidade da Intervención deste Concello (documento adxunto de código ICO18I008D), esta Alcaldesa

RESOLVE

PRIMEIRO: Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

“

En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidentencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO18I00CD**, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO XXIV OENACH ATLÁNTICO 2024.- Vista a proposta formulada que di así:

“A técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación, en data 20 de setembro, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código TUR18I00CS que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	TUR/2024/9: Subvención para o apoio, promoción e difusión do XXIV

	<i>Oenach Atlántico 2024</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Aprobación da conta xustificativa</i>

Mediante resolución de data 15 de abril, a Alcaldesa-Presidenta deste Concello aprobou a solicitude, á Axencia de Turismo de Galicia, da subvención para o Apoio, promoción e difusión do XXIV Oenach Atlántico 2024, por importe de 4.000 €, o máximo a conceder segundo as bases reguladoras. De dita resolución deuse conta á Xunta de Goberno local na súa sesión ordinaria do 18 de abril.

Con data 28 de maio, e a través do servizo de Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHU), a Axencia de Turismo de Galicia notificou a este Concello a concesión da seguinte subvención:

<i>CONCEPTO SUBVENCIONABLE</i>	<i>ORZAMENTO SUBVENCIONABLE</i>	<i>SUBVENCIÓN CONCEDIDA €</i>
<i>Oenach Atlántico</i>	<i>51.500,00</i>	<i>4.000,00</i>

Segundo as bases que regulan a convocatoria, o órgano concedente realizará a súa achega una vez xustificadas os gastos, o que implica a aprobación da conta xustificativa.

Resultan de aplicación, para xustificar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolucións da Alcaldía, do 22 de xuño de 2023, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidentencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidentencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: *Aprobar a conta xustificativa da subvención para o apoio, promoción e difusión do XXIV Oenach Atlántico 2024, nos seguintes termos:*

“Á vista das facturas obrantes no expediente correspondente e nos Servizos Económicos do Concello, e detalladas na seguinte táboa:

<i>Acredor</i>	<i>CIF/NIF</i>	<i>Nº factura</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Concepto</i>	<i>Data recoñecemento obriga</i>	<i>Importe</i>
<i>Catering Ferrolterra, S.L.</i>	<i>B70222849</i>	<i>E-24 15</i>	<i>29/07/2024</i>	<i>Menús catering Oenach 2024</i>	<i>21/08/2024</i>	<i>1.815,00 €</i>
<i>Distribuciones Froiz, S.A.U.</i>	<i>A36036739</i>	<i>152-1-07/96</i>	<i>31/07/2024</i>	<i>Material degustación gastronómica do Oenach Atlántico de Sedes</i>	<i>21/08/2024</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Docampo Sanmartín, Jesús</i>	<i>XXXXXXXX</i>	<i>262/2024</i>	<i>09/08/2024</i>	<i>Reproducción de lareira tallada para Oenach Atlántico de Sedes</i>	<i>10/09/2024</i>	<i>1.905,75 €</i>
<i>Fernández Pérez, Juan Luís</i>	<i>XXXXXXXX</i>	<i>146/24</i>	<i>29/07/2024</i>	<i>Traballos publicitarios (carteis, trípticos, lonas...) para Oenach Atlántico 2024</i>	<i>21/08/2024</i>	<i>3.146,00 €</i>
<i>Ferretería Canaima, S.L.</i>	<i>B15405079</i>	<i>24/ 0001070</i>	<i>31/07/2024</i>	<i>Material diverso de ferretería para construción e montaxe do Oenach 2024</i>	<i>21/08/2024</i>	<i>749,90 €</i>

Fundación Terra Termarum Castrolandín	G36375715	32	29/07/2024	Demostración técnicas elaboración cerámica castrexa durante a celebración do Oenach Atlántico	21/08/2024	700,00 €
Garzón Rueda, Cristina	XXXXXXX	87/24	26/07/2024	Telas para representación dun taller de costura no Oenach Atlántico	21/08/2024	400,00 €
Limpiezas Manser, S.L.	B15409287	B 01001	30/07/2024	Prestación do servizo montaxe de infraestruturas para o Oenach Atlántico 2024	21/08/2024	1.219,68 €
Madeiras Lamas, S.L.	B15569122	Emit- 1332	24/07/2024	Leña Carballo a granel para recreación do Oenach Atlántico	21/08/2024	249,99 €
Matadero Cantalarrana S.L.	B15406044	A24 9386	31/07/2024	Subministro para Oenach Sedes (tocino, panceta, chorizos, falda ternera, etc.)	21/08/2024	357,45 €
Ofimay Eventos S.L.	B70571765	A 16	29/07/2024	Obradoiro de canteiría e reparación de pezas Oenach Atlántico	21/08/2024	1.815,00 €
Ofimay Eventos, S.L.	B70571765	A 17	29/07/2024	Oenach Atlántico 2024 (cuberta 10x10, torres son, jaima, peche con valla alta, camerino, químico...)	21/08/2024	10.164,00 €
Pro Control Ferroterra, S.L.	B70554910	24 63	31/07/2024	Servizo de control e seguridade realizado durante o Oenach Atlántico 2024	10/09/2024	992,20 €
Proymel montajes, S.L.	B70057898	G7 5424	30/07/2024	Serv. Instalación eléctrica evento Oenach Atlántico 2024	21/08/2024	5.989,50 €
Radio Coruña, S.L.	B15011950	04 00104 24000112	31/07/2024	Campaña Oenach Atlántico, cuñas publicidade	10/09/2024	499,73 €
Rubio Pita, Calros	XXXXXXXX	5	30/07/2024	Demostración cestería Oenach	10/09/2024	726,00 €
URDIME, S.COOP.GALEGA	F70353982	24 376	28/07/2024	Concerto "TANTO NOS TEN" dentro da programación do Oenach Atlántico	21/08/2024	2.580,00 €
TOTAL						33.560,20 €

1. Dáse por cumprida a finalidade da subvención para o apoio, promoción e difusión do XXIV Oenach Atlántico.

2. Apróbase esta conta a efectos da xustificación da subvención.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO18I00CE**, esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade aprobou a proposta transcrita.

5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS DAS LICENZAS PARA O FEIRÓN DE SANTA ICIA E OUTROS DO ANO 2024 .-

(...)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas polas licenzas para o feirón de Santa Icí, do ano 2024, cun total de 76 contribuíntes e por importe de 7.852,08 €.

SEGUNDO: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter

de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

TERCEIRO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

CUARTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACION, CANON DE AUGA, ALUGUER DE CONTADOR E LIXO DO 3º TRIMESTRE DE 2024 E AS LIQUIDACIÓNS DE ALTAS, ATRASOS E RESOLUCIÓN DO CONCELLO DO 13/06/2024 AO 11/09//2024 .-

(...)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao **3º trimestre do ano 2024**, cos seguintes importes:

Auga	406.056,36 €
Saneamento baixa	241.933,77 €
Saneamento alta	167.692,09 €
Depuración baixa	7.239,86 €
Depuración alta	236.352,31 €
Lixo	742.466,15 €
Bonificación SOGAMA	0,00 €
Aluguer contador	12.317,82 €
Canon da auga	138.159,82 €
IVE	108.546,58 €
TOTAL	2.060.764,76 €

SEGUNDO: Aprobar o padrón adicional polos servizos de “auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo” correspondentes a altas de contribuíntes, atrasos e resolucións emitidas polo Concello de Narón desde o 13 de xuño de 2024 ata o 11 de setembro de 2024 de 2024:

Auga	-712,32 €
Saneamento baixa	-285,61 €
Saneamento alta	-201,54 €
Depuración baixa	0,00 €
Depuración alta	-265,89 €
Lixo	442,41 €
Aluguer contador	-13,23 €
Canon da auga	-78,91 €
IVE	-149,39 €
TOTAL	-1.264,48 €

TERCEIRO: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

CUARTO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

QUINTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

SEXTO: A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4